

MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ

Dazasete anos levaba repousando, protexido por uns libros, no andel dunha pequena biblioteca. Asemellaba que o libriño de 24 páxinas estaba agardándome para viaxar no tempo. Silandeiro convidóume a que lle prestase atención sabendo que era testemuño do que se iniciou con moita ilusión.

Na portada anúnciase "I CERTAME LITERARIO - CONCELLO DE PARADELA PREMIO POESÍA E NARRATIVA - MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ -PARADELA (LUGO) ano 1995. Na contraportada unha foto de Manolo dá a benvida e de seguido o Alcalde do Concello, Xosé Manuel Mato Díaz asina un limiar cheo de gabanza para a persoa e obra literaria de Manuel Oreste Rodríguez López, nomeado "FILLO PREDILECTO DE PARADELA" o 4 de novembro do 1990, destacando que se otorgou co "recoñecemento público xenerosamente merecido". Naceu así o "PREMIO LITERARIO MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ" no 1995.

Entre as follas que fun repasando, especialmente da biografía do noso homenaxeado e o seu labor literario, atopei un tríptico coas bases para o II Certame -ano 1996-. E á súa beira, unha garimosa carta que o seu fillo Santi envióume o 17 de novembro do 1996, da cal subliño "... o noso amigo Xosé Manuel Mato, que fai trascender, coma vós (refírese ós socios de "O Penedo" -Fogar Galego) a amizade cara o meu pai, mantendo permanentemente vivo o seu recordo". -Se transcribo estes comentarios é para reafirmar unha frase da misiva de Santi "...mantendo permanentemente vivo o seu recordo", e así o fago eu dándolle voltas á roda da memoria e das vivencias dende 1978, ano en que regresei do Uruguay.

Eu lembro a Manuel Oreste Rodríguez López, benquerido amigo meu, que non cortou o "cordón umbilical" coa Terra, coas súas xentes e as súas inquedanzas e creceu alimentando un compromiso coa súa procedencia. Penso que máis dunha vez aquel emigrante arrincado de neno da súa aldea, cun corazón tenro e inmaturo na formación, cunha lingua allea, cantaruxou esa cantiga que di "no soy de aquí, ni soy de allá" e nos ollos aparecía a brétema da nostalxia.

Penso naquel inqueda estudante de Humanidades e Filosofía en Barcelona, que soubo desenvolverse na canle da creación literaria e contarlle ó mundo, especialmente ós galegos, todo o que sentía, todo o que soñaba, todo o que lle pedía á vida e nese camiño avanzar co seu pobo. Non era o voo da bolboreta, nin inxenua esperanza, era cumprida aspiración dos que teñen concencia de progreso e superación. E por ese esforzo, por ese agasallo que elaborou para os sentimentos, polo ensino que espallou, foi premiado e aplaudido en diversos Centros culturais de dentro e fora de Galicia.

Penso no cronista por vocación, fiel á terra de nacencia, que soubo facerse respectar i escoltar e cumpríu a difícil misión de vencellar a Galicia con Catalunya e a Catalunya con Galicia, interpretando e relatando obxectivamente o sentir das xentes e os vaivéns conxunturais dos seus Gobernos autonómicos, convertíndose en ocasións, partícipe de confidencias. Caladiñamente sorría, preguntaba amodiño e prestaba atención a todo o que bulía, sen espaventos. Era discreto, sabía estar e sabía agradecer.

Convertíuse nun comunicador do vivir cotián dos galegos do exterior, da emigración, da diáspora, a quenes retratou nos seus libros "Galegos en Catalunya". Alí á liña espida dos intereses enfrontados. Ben recibido en tódalas Asociacións socio-culturais, cuxas Xuntas Directivas, en datas significativas, recoñeceron o seu traballo no eido da cultura e agradeceron o servizo prestado.- "O Penedo" -Fogar Galego, despois que Rodríguez López viaxou cara o Alén, visitou o Cemiterio de Adai, na compañía da súa dona Irene e fillos, para ofrendarlle o seu recordo inesquecible.

Os seus escritos cruzaron o Atlántico e na "Galicia ideal" apoiaron os seus pensamentos.

Cómpre sinalar outras facetas que, ó meu entender, conforman un todo, como xornalista era un home tranquilo, observador, de verba precisa e amable trato, pola outra banda, difere desta actitude, dun xeito salientable, cando nos detemos no seu mundo coma escritor, xa sexa na narrativa ou na poesía, na que a idea convírtese nunha mensaxe meditada, a palabra ten un valor concreto e se a mistura coa tenrura, alumea o pensamento na búsqueda dun mundo mellor, con alegrías e soidades, con amor e desamor e a paixón do espertar.- Detéñse tamén na realidade inxusta que preme o corazón da humanidade e tende a man ó irmán asoballado. Así o comprenderon os cantautores que musicalizaron algúns dos seus poemas.

Deixa a emoción da lonxanía para adicarse ó que ten preto e finca a pluma no seu libro "SOLDADA MÍNIMA" cun laio social longo, berro de denuncia no fragor da fábrica e angustia da incerteza no traballo. Reflicte as súas vivencias.

Manuel Oreste Rodríguez López agarda coa humildade do home de ben, porque coa súa modestia sabe que sementou, que axudou a que o froito xermole e haberá primavera naquela Terra de nacemento pola que ..."mantivo permanentemente vivo o seu recordo".

Iolanda Díaz Gallego

Barcelona ,setembro 2012.